



PUBLICACIÓNS

TECNICAS E XOGOS COOPERATIVOS PARA
TODALASIDADES

Xesús R. Jares. Cadernos Monográficos de Nova Escola Galega. A Coruña, Vía Láctea, 1993 (2ª).

Despois de levar case dous anos esgotado, sae de novo ó mercado o libro que reseñamos. Libro que sigue a ser o primeiro e único que existe sobre esta temática en galego, e un dos primeiros nunha lingua ibérica.

O libro cunha intencionalidade claramente práctica, apoiase en dúas chaves básicas. En primeiro lugar, dando por sentado a importancia da experiencia lúdica no desenvolvemento físico, afectivo, social, moral, etc., tanto dos pequenos coma dos maiores, quere chamar a atención sobre a aprendizaxe e transmisión de valores a través do xogo. Por elo o autor enfatiza a idea de que o xogo tampouco é neutral; é dicir, a través das actividades lúdicas tamén se aprenden ou se reforzan uns valores determinados.

En segundo lugar, dado que se parte da necesidade de construímos unha cultura de paz, o autor enfatiza a necesidade de seleccionar un tipo de xogos que sexan coherentes cos valores desa cultura de paz. É dicir, xogos nos que a súa estrutura lúdica nos invite a cooperar en lugar de competir; a comunicarnos en lugar de favorecer comportamentos baseados na incomunicación, no odio ou na hostilidade; a autoapreciarse e apreciar ós demais en lugar de descalificar; a participar en lugar de excluir; etc. Xogos que en definitiva xeren confianza en lugar de des-



confianza e inseguridade. Neste tipo de xogos e dinámicas ninguén queda excluído, todo o mundo participa por igual. Por elo, nas súas regras e resultados poderedes atopar non só unha determinada forma de divertirse, senón tamén unha certa filosofía de ver a vida.

Desde estes dous presupostos, o libro, seguindo a lóxica da vertebración cooperativa do grupo, estruturase en oito capítulos con vinte xogos cada un. O primeiro capítulo reúne os xogos de presentación; o segundo, os xogos de coñecemento; o terceiro, os xogos de afirmación; o cuarto, os xogos e dinámicas de confianza; o quinto os xogos e dinámicas de comunicación e o sexto, os xogos e dinámicas de cooperación. A estes seis, engádenselle dous máis ata completar os oito: os xogos de distensión e os xogos cooperativos con paracaídas.

En conclusión un libro fundamentalmente práctico que nace desde a experiencia de varios anos de traballo e xogo-reflexión do seu autor e que sen dúbida será moi útil tanto para profesores de tódolos niveis educativos como para animadores de tempo libre e persoas con responsabilidades na condución de grupos humanos.


As persoas interesadas poden pedirlo na súa librería ou solicitando o Apdo. 577 de Vigo. (2.490 Pts., máis gastos de envío).

REVISTA GALEGA DE EDUCACION, nº 18
«Temas transversais»

Neste nº 18 desenvólvense os denominados "Temas transversais-Aspecto da Reforma que sen dúbida está a xerar no profesorado unha maior demanda de formación. O nº comeza cun artigo de Xesús R. Jares sobre «Transversalidade e Proxecto Educativo. A Educación para a Paz», no que se trata o concepto de transversalidade e se dan unhas propostas para integrar os temas transversais no PECO Ademais da Educación Ambiental; a Educación do consumidor; Coeducación e a educación para a saúde, inclúese un artigo de M^a Dolores Candedo que desenvolve un componente da EP: «O Interculturalismo».

Se ben agardamos un monográfico ou tema adicado á Educación para a Paz, tampouco é menos certo que desde as páxinas desta nosa Revista non é a primeira vez que se ten ocupado da problemática específica que nos preocupa especialmente. Así, no nº 2 apareceu na sección de grupos Educadores pola Paz e máis a reseña do libro Edu-

car para ama-la paz. No n05, un artigo de David Otero sobre «Línqua e paz»e, na sección «Traducción», un artigo de Mario Lodi sobre «A escola e os dereitos do neno». No n06 novamente a sección «Traducción» recolle un traballo de Educación para a Paz, neste caso o artigo de N. Young «Educación para a paz: dilemas críticos e debates»; na sección «Cornicteca» reseñase o libro Cuan-



do el viento sopla. No n07, recóllese unha «Entrevista» co italiano Daniele Novara, con quen mantemos contactos desde fai anos neste traballo de investigación e divulgación da Educación para a Paz; tamén recollense as Conclusións do II Encontro galego de Educadores pola Paz e a reseña da esgotada monografía Educar para a paz, editada polo Oto. de Educación do Concello de Santiago. No nº 8, reséñase a unidade didáctica Para chicos-as. Sistema sexo-género. No n09, na sección de «Historia», un artigo de Narciso de Gabriel sobre «O castigo como práctica escolar». No n0 10 reséñase o libro Técnicas e xogos cooperativos para tódalas idades. No n0 11, unha «Experiencia» do C.P. Cadreche da Póvoa sobre «Xoguetes: armas para a paz». No nº 12, reséñase a carpeta Aprende a jugar, aprende a vivir. No n014, reséñanse os libros Educación para la paz. Su teoría y su práctica; El placer de jugar juntos. Nuevas técnicas y juegos cooperativos; tamén os materiais América por descubrir e Léxico ecopacifista. No nº 16, na sección de «Panoraula» saen dúas cousas, unha é o «Informe pericial de Educadores pola Paz» defendendo ó insubmisio Marcos Arranz, e, a outra, as Conclusións do VII Encontro Galego de Educadores pola Paz. No n017 diversos documentos relacionados coa comprensión internacional e a educación intercultural na sección «O tema» adicado a «Galicia: a dimensión internacional da nosa educación».

Como se ve, paseniñamente, a Revista Galega de Educación, feita desde Nova Escola Galega e editada por Edicións Xerais, supón xa un punto de referencia en moitos dos temas que nos poidan interesar desde a perspectiva crítica e renovadora do ensino e a cultura. O itinerario anterior referido á Educación para a Paz pode ser un exemplo. Pero, sinceramente, necesitamos suscriptores, así que, querido colega, inclúe nos teus presupostos solidarios a suscripción á Revlsta Galega de Educación.

Suscripcións e correspondencia:
Revista Galega de Educación
Dr. Maraño, 12, baixo. 36210 VIGO.

EDUCACION PARA LA PAZ

David Hicks (Comp.). Madrid, Morata-MEC, 1993.

A tremenda ofensiva neoliberal e a tan cacareada como fracasada «nova orde económica mundial», non teñen paliado senón todo o contrario, o sufrimento e a inxusta

situación na que se atopa a meirande parte da humanidade. Os diversos tipos de violencia como a guerra; o militarismo; a desigualdade social; o sexismo; o racismo (que, por certo, tanto en Gran Bretaña como aquí non é únicamente cos negros como paradóxicamente aparece na publicación); a vulneración dos Dereitos Humanos; a violencia ambiental; etc., así como a problemática da paz e os conflitos; o poder (capítulo especialmente xugoso e interesante) e a xusticia; o desenvolvemento e as súas implicacións sociais e ecolóxicas; etc., constituen dilemas morais, políticos e educativos inexorablemente indisociables desde unha perspectiva de cidadanía e de profesionalidade docente activa, comprometida e solidaria co tránsito, en definitiva, dunha cultura da violencia a unha cultura da paz.

Como poderán deducir, destes dilemas e das súas propostas didácticas -cada un deles constitue un capítulo-estudio de casos coa súa correspondiente proposta de actividades-, é do que versa este libro que gustosamente reseñamos tal como anteriormente fixemolo recomendando a súa traducción. Ademais dos tópicos sinalados, a publicación comeza cunha primeira parte introductoria e suxerente na que se indaga sobre os diferentes significados da Educación para a Paz (EP) (Cap. 1), a súa relación co currículo (Cap. 2) e a súa análise das posicións de aqueles que, como no caso de Gran Bretaña, cuestionan a idoneidade da EP (no caso español, ditos



obstáculos non se produciron de forma visible pero en cambio existiu e existe unha certa resistencia institucional para a súa implantación en determinadas administracións, como é o caso, entre outras, da galega).

En definitiva unha obra interesante, útil e oportuna no todavía moi deficitario panorama de publicacións e materiais curriculares de EP, que pode axudar a entender e cuestionar a natureza da política, o poder e a economía do mundo de hoxe, e moi particularmente aquelas que teñen maior relación coa paz e o conflito, tanto no plano local como no global.

Edicións Morata ten unha boa distribución nas librerías, pero en caso de non atopalo podedes dirixiros a:

Edicións Morata
Mejía Lequerica, 12. 28004 MADRID

COMUNIDAD EDUCATIVA, N.º/211.
Xanelro 1994, "Tiempo de Paz"

Desde fai tres anos a revista Comunidad Educativa de Madrid con motivo do 30 de xaneiro, Día Escolar para a Paz, publica no seu número de xaneiro un monográfico sobre Educación para a Paz. O desta edición, baixo o título de "Tiempo de paz", reúne diversos traballos de A. Parra

Se tí ou os teus amigos queredes acoller na vosa casa a nenos ou nenas saharais no verán de 1994, mandádenos os vosos datos ao noso enderezo:

Asociación Galega de Amigos do Sahara
El Isaac Peral, n.º 12 - 7º U - 36201 VIGO
Teléfono: (986) 22.12.47

DATOS

Nome do responsabel: .

Enderezo habitual:

Enderezo no vran: .

Teléfonos: . .

. . Ten filios? . .

Idades: . .

Prefiro acoller Neno Nena

Podería telo durante? 30 días 45 días 60 días

Qué períodos prefires? Xullo Agosto Outros

VIII ENCONTRO GALEGO DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ. I ENCONTRO DE EDUCACION PARA A PAZ GALEGO PORTUGUES, 15, 16 e 17 DE ABRIL DE 1994

Tal como xa anunciáramos no nº anterior do NOVAPAZ, e tal como se acordara no VII Encontro Galego de Educadoras/es pola Paz celebrado en Allariz (Ourense), quedou institucionalizada a cooperación entre os educadores para a paz de Galicia e Portugal que se concreta nesta Primeira edición do que serán a partir de agora os Encontros galego-portugueses de educadores pola paz. Cada ano farase alternativamente en Portugal e en Galicia, conservando no noso país a rotación polas catro provincias. As línguas oficiais dos Encontros serán o galego e o portugués, sen que elo supoña ningún obstáculo, como ven ocorrendo ata o de agora, para aquelas persoas que se expresen en castelán.

Recén chegado de Portugal transcribimos, e o facemos en galego, o programa para esta primeira edición:

Por primeira vez en Portugal, coa organización conxunta do Movemento dos Educadores para a Paz (MEP) de Portugal e o Grupo Educadores pola Paz de Nova Escola Galega, concretízase en Lisboa este antigo proxecto-soño, froito de intercambios solidarios, iniciados no Ano Internacional da Paz.

Non é fácil ser educador para a paz, pero o mundo esixe hoxe, máis que nunca, que a educación favoreza o desenvolvemento de personalidades multifacéticas, creadores críticos do seu propio futuro individual e colectivo.

Respeitando a horizontalidade dos Encontros anteriores, queremos proporcionar espazos para o debate, reflexión crítica, intercambio de experiencias, proxectos, convivencia, tendo en conta o enriquecemento do acto educativo e a súa proxección no futuro colectivo da humanidade. Futuro desexado que queremos que sexa xusto, solidario, pacífico e fraterno.

Para este evento contamos coa colaboración do Sindicato dos Profesores da Grande Lisboa e das Cámaras de Lisboa, Seixal e Almada.

O Encontro terá lugar en Lisboa, (que ademais coincide que este ano é a capital cultural de Europa e que, con tal motivo, está a quedar aínda máis bonita), no Instituto Español, sito na Rúa Dereita ao Dafundo, nº 40. Tfno: 41 14 114. Lisboa.

PROGRAMA

Día 15 DE ABRIL (Venres/ 6ª teira):

- 17,00 h. Recepción e entrega de materiais.
- 18,00 h. Xogos cooperativos
Dinámicas de grupo simultáneas.
- 20,30 h. Cea (Jantar)
- 21,30h. Proxección de audiovisuais e de experiencias realizadas.

Ola 16 DE ABRIL (Sábado):

- 09,30 h. Debate: A Educación para a paz e os media.
Presentan e coordinan Helena Boasnovas e Isabel Oliveira.
- 10,45 h. Formación coa utilización dos media (dinamizado por técnicas do IIE; pequenos grupos e debate con interrupción para o café).
- 13,30 h. Xantar (**Almoço**)
- 15,30 h. Presentación das conclusións dos grupos.
- 16,30 h. Xogos Cooperativos.
- 17,30 h. Presentación de experiencias e Comunicaciós.
- 19,30 h. Presentación e salutación dos grupos e organizacións convidadas.

sobre "Educación para la Paz", "Educación para la paz y los Derechos Humanos" e sobre o "Análise e tratamento de conflictos"; outro de A. Parra, J.R. Salvador e J. Olerte sobre "Educación para la Paz en la ESO" e, nesta edición, reúne tres traballos feitos desde Galicia: Dous de X.R. Jares sobre "La Educación para la paz en el currículum" e "Los valores en el Proyecto Educativo de



Centro", e un do noso grupo Educadores Pola Paz de Nova Escola Galega: "Acerca de los juegos cooperativos".

A aportación galega péchase coa transcripción dos "Materiales y recursos didácticos sobre Educación para la Paz" do libro Transversales. Educación para la paz de X.R. Jares, editado polo MEC nas "Cajas rojas".

Felicítamos, pois, á dirección desta Revista por renovar ano a ano este necesario encontro coa Educación para a Paz. Asimesmo ós lectores recomendamos non só este número senón tamén os anteriores adicados á Educación para a Paz, como son o n.º 202, xaneiro de 1993; o n.º 193, xaneiro do 92; o n.º 186, marzo 1991 e tamén o n.º 195 adicado . noso admirado cura-mestre de Barbiana, Lorenzo Milani, un dos grandes educadores para a paz.

As persoas interesadas en pedir estes números poden face-lo á seguinte dirección:

COMUNIDAD EDUCATIVA

Eraso, 3. 28028 MADRID. Tfno. (91) 72572 00.

NOVAS

PRIMERAS JORNADAS ARAGONESAS DE EDUCACION PARA LA PAZ

Organizadas polos nosos compañeiros do Seminario de Investigación para la Paz do Centro Pignatelli e a colaboración do Grupo de Educación para la Paz da Escola de Verán de Aragón (EVA) e outros colectivos pedagóxicos e pacifistas, terán lugar en Zaragoza do 25 ó 27 de marzo cun apretado e interesante programa que inclúe ponencias de Rafael Grasa; Xesús R. Jares e Pedro Saez, ademáis de 10 talleres sobre resolución de conflictos; xogos cooperativos; o tratamento educativo do Sur; actitudes críticas e desobediencia; etc. A cuota de inscrición é de 3000 pts. e de 1500 para parados e estudantes. As persoas interesadas poden poñerse en contacto co Centro Pignatelli. Paseo Constitución, 6. 50008 Zaragoza. Tfno: (976) 21 72 17.

INSUBMISION

¿Aínda non es insumiso? ¿Quizáis insumisa? Pois nós levamos anos, e dende decembro aumentámo-la actividade. A razón de máis peso é que as autoridades encadearon a César GarcíaAguíño, insumiso de O Grove. Neste mes de xaneiro dous insumisos galegos máis foron castigados coa prisión pola súa actitude antimilitarista. Á data de hoxe (24 - Xaneiro - 94) César GarcíaAguíño, César Martínez Pérez e Ernesto López Rey atópanse nunha situación de terceiro grao, ou sexa que están obrigados a durmir na cadea tódolos días. A cifra de persoas declaradas insumisas ante o servizo militar obrigatorio e a prestación substitutoria é de 6.000, dos que uns 150 están no cárcere en distintas situacións...

"Moi ben, moi ben, pero ¿eu que podo facer?" Podes colaborar co M.O.C. de Vigo (e doutras cidades) con

aportacións económicas, que estamos case sen cartos, ou vir ás reunións nas que nos organizamos insumisos e xente de apoio: podes falar e discutir sobre o tema cos teus coñecidos, escribir cartas ós presos (cárceles de Vigo e A Coruña), vir ás manifestacións, e todo o que poidas imaxinar.

M.O.C. (Vigo) - Apartado 6.028

Cta. Corriente 0000056643

XOGOS COOPERATIVOS

Fronte ó xogo competitivo as/os educadoras/es pola paz propoñen o xogo cooperativo.

No colexio público Chouzo (Vigo), neste curso 93-94 estamos a realizar como actividade extraescolar sesións de xogos cooperativos para así introducir ós nenes/as nunha visión distinta do xogo. Formamos un par de grupíños e imos avanzando na tarefa de ensinar outra forma de xogo, de relación e de entendemento, acorde co propósito de construír unha cultura de paz.

É unha posta en práctica de Educación para a Paz.

Se precisades colaboración contade connosco. Os colexios e APAs interesados poden solicitar información ó noso Apartado 577 - VIGO.

¡Un bico xoguetón!

(Paula e Oiga, educadoras pola paz)

30 DE XANEIRO

Un ano máis celebramos o 30 de xaneiro, Día Escolar pola Paz, a festa específica do mundo educativo a prol da paz. Como grupo que iniciou a celebración desta

efeméride en Galicia non podemos por menos que congratulamos do seguimento que está a ter. Diversos colectivos, centros docentes e mesmo institucións están a secundar esta iniciativa. Este ano fixéronse actos por todo o país: Desde o cine pola paz en Chantada; á semana de actos promovida polo Concello de Oleiros; a semana poia paz da Plataforma pola Paz en Vigo; xogos cooperativos e conferencias en diversos colexios de Ourense; etc. etc. Unha meirande parte dos colexios de Galicia xa non son indiferentes a esta data. Agora ben, unha vez máis, como decíamos desde o primeiro chamamento público para súa celebración, temos que lembrar que a Educación para a Paz é un proceso permanente, non pode estar circunscrita á celebración dun só día ou semana e que, . mesmo tempo, hai que estar moi atentos á posible instrumentalización desta data para evitar que algúns fagan o seu lavado de cara.

_ VII XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A PAZ. OURENSE

Na Facultade de Humanidades do Campus "As lagoas", de Ourense, e durante os días 2, 3, 4 e 5 de Marzo celebraranse as VII Xornadas de Ed. para a Paz. Do seu programa destacamos:

- Conferencia: "Novos conflitos en Europa", por Carlos Taibo, profesor da F. de Dereito da Complutense de Madrid, e experto na problemática dos "países do leste". (Día 2, ás 20 horas).

- Conferencia: "Paz, problema colectivo", por Javier Sábada, profesor da Autónoma de Madrid. (Día 4, ás 20 horas).

. Mesas redondas: "Galicia despois de Maastrich" (Día 3, ás 20 horas), e "Paz e problemática ambiental" (Día 4, ás 18 horas).

A entrada será libre. Matrícula 1.000 ptas. (500 estudantes e parados/as) se se quere recibir documentación e certificación. Ingresos en Caixa Galicia, suco Posío; n.º de *clc.*: 118/0.

Máis información: Xosé Manuel Cid. Fde. de Humanidades. Ourense.

_ PLATAFORMA VIGUESA POLO "0,7%"

Tomando como punto de partida a famosa "Folga de Fame madrileña" e as iniciativas das Coordinadoras galega e estatal de O.N.G.s creouse en Vigo a PLATAFORMA POLO 0,7%, integrada por: ABERTAI, CARITAS, CENTRO IOYOLA-CVXACOUGO, COMITE OSCAR ROMERO, CaSAL, EDUCADORES paLA PAZ, ENTREPOBOS, HOAC, INTERMON, MANOS UNIDAS, e SODEPAZ.

Desenvolveuse unha campaña de recollida de sinaturas -para presentar ós Parlamentos galego e español e . Concello de Vigo- entregouse un manifesto a tódolos grupos políticos con presenza no Concello e mantívose unha entrevista con Carlos Príncipe, alcalde de Vigo, na

que se acordou a constitución dunha comisión mixta Concello/ONGs para estudar e aproba-los proxectos de axuda e cooperación que se presenten a este organismo.

Esta Plataforma, de carácter aberto, mantén reunións periódicas e pretende aglutinar nun futuro a tódolos grupos e colectivos que teñan intereses comúns centrados na Paz, na cooperación e na Solidariedade, no seu sentido máis amplo.

Para máis información, dirixirse a calquera dos colectivos que a integran e que arriba se mencionan.

_ VERÁN 1994: UNHAS VACACIÓNS EN FAMILIA PARA NENOS/AS SAHARAUIS

Desde hai máis dunha década, os nenos e nenas dos campamentos de refuxiados saharauis poden abandonar-lo deserto no que habitan para pasa-los meses máis duros do verán nas casas de persoas e pobos solidarios e máis afortunados, ata que se alivien as temperaturas extremas de máis de 50 graos centígrados á sombra.

Estes nenos/as naceron nos campamentos de refuxiados saharauis establecidos en Tindouf, na fronteira arxelina. É dicir, son filias das mulleres e homes que fuxiron da represión levada a cabo por Marrocos cando se consumou a invasión do territorio do antigo Sáhara español.

Fillos de refuxiados, pois, e refuxiados eles mesmos, estes rapaces naceron no deserto e alí transcurriu toda a súa vida; precisamente na durísima "hamada" ou meseta do deserto do Sáhara, o marco xeográfico máis inhóspito e baleiro que se pode un imaxinar. A poboación saharai atópase nese lugar desde hai dezaioito anos a espera dunha solución ó conflito que vive con Marrocos, e sobrevive difícilmente só gracias á axuda que lle prestan organizacións internacionais.

Son pequenos que, por exemplo, moi raramente veron unha árbore ou un río, nenas ós que lles resulta descoñecido o que é unha cidade, un xardín, aínda que non, por desgracia, o que é un avión de combate ou unha arma de fogo.

A súa convivencia, durante uns días no verán, con familias galegas é enriquecedora, alivia o seu sufrimento; failles esquece-los estragos dunha guerra inxusta e apréndelles outro xeito de vida que lembrarán sempre. Esta convivencia contribuirá ademáis, a mellora-lo seu nivel de vida en tódolos seus aspectos: alimentario, sanitario e cultural.

Hai que engadir que España representa para os saharauis algo moi especial polo papel que xogou na súa historia. Dunha maneira ou outra, os saharauis pertencen . grupo de países de fala hispana e conservan o castelán como segunda lingua nacional.

E non son somentes os nenos e nenas saharauis os que poden aprenderen nesta visita; tamén os adultos galegos que lles presten a súa temporal acollida e agarimo terán unha ocasión para profundizaren nun pobo do Norte de África que é, en plena xustiza, un pobo irmán.

21,00 h. Cea (Jantar)
22,00 h. Festa pala Paz.

Día 17 DE ABRIL (Domingo)

09,30 h. Dinámicas de grupo simultáneas.
11,00 h. Avaliación, resolucións e conclusións do Encontro.
12,30 h. Foto da paz.
13,00 h. Xantar (Almoco)

2. Dormida con pequeno alrnoco (por noite):
a) Pausada da Xuventude: 1900 escudos.
b) Hotel: 4000 "
3. Comidas: por comida (xantar ou cea): 700 escudos.

As persoas interesadas en matricularse, presentar unha experiencia ou comunicación debe poñerse en contacto con:

Movimento de Educadores para a paz (MEP)
Rúa Rodrigo da Fonseca, 56, 2º.
1000 LISBOA.

TFNO: 38633 75. FAX: 38632 21.

Tamén podes contactar con nós no noso Apdo. 577 de Vigo.

PRECIOS

1. Matrícula:

- a) Socios do MEP e de NEG; estudantes e para-dos: 1000 escudos.
- b) Resto: 1500 escudos.

DADO QUEAS PRAZAS SON LIMITADAS E PARA FACILITARNOS A ORGANIZACION PREGAMOSCHE QUE CONFIRMES A TUA INSCRIPCION O ANTES POSSIBLE. GRACIAS.

A LISBOA EN AUTOBUS (Coruña-Vigo-Lisboa e regreso)

Para facilitar o transporte para asistir a este Encontro Galego-Portugues de Educadores pala Paz, pedimos presupostos para alugar un autobús, saíndo da Coruña o venres día 15 ás 8 da mañá con parada en Vigo, saída de aquí ás 10 da mañá, e con regreso o domingo 17 despols do xantar. O precio sería de 4000 pts. por persoa ida e volta. Pero é condición que se complete o autobús. De non haber demanda suficiente teríamos que cancelar esta opción e cada un tería que buscarse a vida pola súa conta (En todo caso os que non teñen problemas para chegar que o comuniquen). As persoas interesadas na opción do autobús debedes comunicalo moi rápidamente ó Apdo. 577 ou ben chamando ós teléfonos de Vigo (986) 2798 01 (Oiga) ou 37 46 56 (Raquel ou Paula)

CHAMAMENTO

O Grupo EDUCADORAS/ES POLA PAZ DE NOVA ESCOLA GALEGA quere facer un chamamento moi especial a todos vós para que apoiades esta nova fase de colaboración galego-portuguesa asistindo e participando moi activamente neste Encontro. Como xa faláramos en Allariz, sabemos que esta nova fase vai requirir maiores esforzos e un maior desembolso económico, pero aínda así pensamos que a empresa o merece. É unha forma de facer educación intercultural desde a base e coa propia organización do evento. Vémonos na nosa querida e amada Lisboa.



PAPEL RECICLADO

A NOS, "CONTRIBUCION " " DF.FENSA DO MEDIO AMBIENTE

g.
nova
escola
galega

EDUCADORAS/ES POLA PAZ
Apartado 577 - VIGO
(Pontevedra)

Hotel St. Elena Sarz ...
vive Anxeli ...
El se pode ver un exemplar y si no lo consiguen en la oficina (que ya está fallido) el
Hotel St. Elena Sarz ...
Manda un parte a una dirección de Madrid

XESÚS RODRIGUEZ JARES
PAZ RAÑA LAMA
r/ Placer, 1-3º G
36202 - VIGO
Pontevedra

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

